

Documento distribuído por



Un libro-géiser para Begoña Caamaño

Texto de Carme Panero na presentación de

O libro das amigas no Centro de documentación e recursos feministas de
Vigo, 2 de marzo de 2016



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)

Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

Un libro-géiser para Begoña Caamaño

No estrondo da dor do iceberg que se desprende emerxe um géiser a quentar os corazóns.

(Ana Romaní, *O libro das amigas*. Limiar)

As persoas amigas que colaboramos no libro, en prosa ou en verso, nas ilustracións, no maquetado son testemuña da extraordinaria vitalidade (a intelixencia e a beleza, a xenerosidade e a lealdade, e o compromiso incondicional co feminismo, e coa causa dos desfavorecidos) de Begoña Caamaño, que sobrevive na súa lembranza e na súa obra, testemuña do tamaño da súa perda tan temprana, pero tamén do eco indeleble que o seu legado imprime na literatura galega, primordialmente na cultura das mulleres.

Canto ao feminismo, Begoña Caamaño foi moi precoz como tiven a fortuna de coñecer no proceso da súa adolescencia, na clase le Literatura que eu impartía, cando ela estudaba o Segundo de BUP no Instituto ALEXANDRE BÓVEDA. Conto neste LDA a miña experiencia dese seu acordar feminista, nun debate que suscitou a lectura do conto da muller brava de D. Juan Manuel, que é un exemplo de cómo, na noite de vodas, o seu home, usando astutamente a brutalidade máis impía cos animais

domésticos, aos que mata por non servirlle auga para as mans, logra amansala e facela obedecer, non lle deixando dúbida de que, do contrario, estaría disposto a matala a ela tamén...

Begoña gañou aquel debate, sen abandonar o sorriso e o bo humor, que a caracterizaron, deixando sen argumentos ao líder da clase, que estaba moi espelido. Nunca desistiu logo do seu empeño en desafiar os mitos, que sustentan deica hoxe, no imaxinario colectivo, a pretendida inferioridade feminina ao servizo do poder dos varóns: “Segue a haber Penélopes”, sostíña nunha das entrevistas que lle fixeron despois da publicación da súa primeira novela, *Circe ou o pracer de azul* (2009). E o mesmo fixo na segunda, *Morgana en Esmelle* (2012), no mesmo terreo da literatura onde aqueles mitos se desenvolven e perduran, iluminando de maneira verosímil a voz e a acción das mulleres, que escamotearon os libros herdeiros dos vellos cantos heroicos onde elas permanecen na sombra: na primeira novela, *Circe ou o pracer do azul*, desafía maxistralmente os mitos homéricos na estela da *Odisea*; na segunda, *Morgana en Esmelle* que mereceu prestixiosos premios, desafía os mitos artúricos da materia de Bretaña, na estela de Álvaro Cunqueiro. En ambas narra o inédito pero verosímil protagonismo dos personaxes femininos a quen lles outorga valor, sabedoría, liberdade para amar e a solidariedade coas súas

conxéneres que a autora practicou na vida real, como no noso libro se constata.

A súa profesión de periodista radiofónica iniciouse en Vigo, en Radio Popular e en Radio Noroeste. Despois, en Compostela, na Radio Galega, ocupándose de programas sociais e culturais, mostrou o seu bo facer e o seu tesón, como recollen outras voces no LDA; pero tamén compartiu o seu traballo co seu activismo, tanto na loita sindical (foi presidenta do CSRTVG) como na política (vid. a súa campaña a favor do BNG canto ás eleccións Europeas, senón me trabuco) e, por descontado na loita do feminismo. Pero, ademais, non foi a escritora serodia que algúns sinalaron, asombrados pola frescura das súas novelas, que se publicaron nos últimos anos da súa vida: antes participara xa en obras colectivas, como na FESTA DA PALABRA SILENCIADA, e alt., así como, despois, na revista DE LIBERADA MENTE e no libro *Letras nómades –Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*, publicado en 2014, por varias autoras entre as que M^a Jesús Nogueira cita un fermoso texto de Begoña, que reflexiona diante dunhas fotografías de viaxes, dos que esta di *regresar máis sabia e máis humilde*.

Pero, polo contrario, creo que no LDA, queda patente a súa grandeza: esa grandeza que, finalmente, mostrou na loita contra a súa grave doenza, na que Camiño Noia a compara con Sherezade, por ter ido

enganando á morte coas súas narracións. Efectivamente, nese tempo escribiu *Morgana*. E sobre todo na serea asunción do seu destino, que lle transmitiu á súa amiga Uxía nunha carta estremecedora polo valente, na cal reflexiona sobre a súa vida afortunada fronte a inxustiza reinante que, imperturbable, asola e sega a vida de tanta xente.

Así, pensando en consolar a dor das persoas queridas pola súa ausencia, coroa Begoña Caamaño o seu xeneroso legado.